

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

5650 *Real decreto 158/2021, do 16 de marzo, polo que se regulan a composición e as funcións do Consello Asesor para a Promoción Estratéxica e Comercial de Canarias.*

A Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, creou no seu artigo 18.2, con sede en Canarias, o Consello Asesor para a Promoción do Comercio con África Occidental (CAPCAO), co obxectivo de fomentar as relacións comerciais cos países africanos desta zona.

No Real decreto 417/1996, do 1 de marzo, régulanse a composición e as funcións do Consello Asesor para a Promoción do Comercio con África Occidental.

No noso ordenamento, a Lei 8/2018, do 5 de novembro, pola que se modifica a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, comprende un conxunto de medidas económicas destinadas a potenciar a cohesión económica, social e territorial do arquipélago e a competitividade dos seus sectores estratéxicos. Por outro lado, realizáronse profundos cambios estruturais na economía española e internacional e a condición de rexión ultraperiférica de Canarias na Unión Europea, a través da promoción das illas como plataforma atlántica e a posibilidade de establecer zonas francas en todo o seu territorio.

En particular, dispónse a creación, con sede en Canarias, do Consello Asesor para a Promoción Estratéxica e Comercial de Canarias (CAPECC), o cal substitúe e actualiza o antigo CAPCAO, ampliando a súa estratexia con novos enfoques dirixidos ao fomento da internacionalización da economía canaria nun marco xeográfico de actuación máis amplo. Nesta liña, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias potenciarán a súa colaboración para efectos de definir e acadar obxectivos comúns no marco de política comercial de promoción da internacionalización da economía española.

Na lexislación citada establécese que a composición e as funcións deste consello se desenvolverán mediante norma regulamentaria.

De acordo co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este real decreto adecúase aos principios de boa regulación.

En canto á súa necesidade e eficacia, esta norma está xustificada en razóns de interese xeral, xa que se orienta ao cumprimento dos obxectivos de internacionalización da economía canaria, e establece mecanismos de colaboración e cooperación entre as diferentes administracións públicas e as empresas privadas dentro do marco constitucional competencial, para mellorar a eficacia na actuación de cada unha das partes intervenientes.

Respecto ao principio de proporcionalidade, a iniciativa normativa non restrinxe ningún dereito nin impón cargas administrativas nin orzamentarias. Por outra parte, instrúntanse mecanismos que lles permiten a organismos, destinatarios e usuarios finais o coñecemento de todas as decisións que adopte o CAPECC a través da memoria anual, as actas de reunións e a súa divulgación, garantindo o principio de seguridade xurídica e a adecuación da norma ao resto do ordenamento xurídico.

A aplicación do principio de transparencia queda garantida mediante a definición clara dos obxectivos desta iniciativa. Así mesmo, deuse cumprimento a este principio coa participación na elaboración da norma da Comunidade Autónoma de Canarias.

O real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado atribuída polo artigo 149.1.10.^a e 18.^a da Constitución española sobre as bases do réxime alfandegueiro e arancelario e comercio exterior e as bases do réxime xurídico das administracións públicas, respectivamente, tal e como recolle a disposición derradeira primeira.

Así mesmo, e de acordo co artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o real decreto está incluído no Plan anual normativo da Administración xeral do Estado 2020.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día de 16 marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e fins.*

O obxecto deste real decreto é regular a composición e funcións do Consello Asesor para a Promoción Estratéxica e Comercial de Canarias (en diante, CAPECC).

Os seus fins son o apoio e o asesoramento para o fomento da internacionalización da economía canaria.

Artigo 2. *Natureza xurídica e adscrición.*

O CAPECC é un órgano colexiado, de natureza administrativa, e réxese polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, e neste real decreto.

Adscríbese ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da Secretaría de Estado de Comercio.

Artigo 3. *Principios reitores do CAPECC.*

O CAPECC persegue o seu obxecto conforme os principios de eficiencia, transparencia e bo goberno, para o cal promoverá as boas prácticas e os códigos de conduta, con lealdade institucional e respecto á orde de distribución de competencias establecida na Constitución española.

Artigo 4. *Composición do CAPECC.*

O CAPECC estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente: a persoa titular da Secretaría de Estado de Comercio, cuxo voto terá carácter dirimente.

b) Vicepresidente primeiro: a persoa titular da Consellería de Economía, Coñecemento e Emprego do Goberno de Canarias.

c) Vicepresidente segundo: a persoa titular da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias.

d) Vicepresidente terceiro: a persoa titular da Consellería de Turismo, Industria e Comercio do Goberno de Canarias.

e) Vicepresidente cuarto: a persoa titular da Consellería de Facenda, Orzamentos e Asuntos Europeos do Goberno de Canarias.

f) Vicepresidente quinto: a persoa que desempeñe o cargo de presidente do Consorcio da Zona Especial Canaria.

g) Vogais:

1.º A persoa titular da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

2.º A persoa titular da Dirección Xeral de Diplomacia Económica do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

3.º A persoa que desempeñe o cargo de conselleiro delegado da entidade pública empresarial ICEX, España Exportación e Investimentos (ICEX).

4.º A persoa titular da Dirección Xeral de Política Económica do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

5.º A persoa titular da Dirección Xeral de Asuntos Económicos con África do Goberno de Canarias.

6.º A persoa titular da Dirección Xeral de Promoción Económica do Goberno de Canarias.

7.º Os presidentes dos cabidos insulares de Fuerteventura, La Palma, Lanzarote, El Hierro, Gran Canaria, Tenerife e La Gomera.

8.º Unha persoa representante do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana con rango de director xeral.

9.º A persoa que desempeñe o cargo de director xeral do Instituto de Turismo de España (Turespaña, O.A.).

10.º A persoa que exerza a Presidencia da Sociedade Mercantil Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas (Segittur).

11.º A persoa que exerza a Dirección Xeral do Consorcio Casa África.

12.º Unha persoa representante do Ministerio de Facenda con rango de director xeral, nomeada pola persoa titular da Secretaría de Estado de Facenda.

13.º As persoas que asuman a Presidencia das cámaras oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Gran Canaria, de Santa Cruz de Tenerife, de Lanzarote e de Fuerteventura.

14.º O conselleiro delegado da Sociedad Canaria de Fomento Económico, S.A. (Proexca).

15.º As persoas titulares das direccións territoriais de Comercio de Las Palmas e de Santa Cruz de Tenerife.

Artigo 5. *Comité executivo.*

1. Adscrito ao CAPECC, créase un comité executivo cuxo obxecto será o apoio mediante o seguimento e o impulso das accións necesarias para materializar os acordos adoptados e o exercicio das funcións que este lle asigne.

2. A súa composición é a seguinte:

a) Presidente: a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

b) Vogais:

1.º A persoa titular da Dirección Xeral de Asuntos Económicos con África do Goberno de Canarias.

2.º A persoa titular da Dirección Xeral de Promoción Económica do Goberno de Canarias.

3.º Un representante da Consellería de Turismo, Industria e Comercio do Goberno de Canarias con rango de director xeral.

4.º Representantes dos cabidos insulares de Fuerteventura, La Palma, Lanzarote, El Hierro, Gran Canaria, Tenerife e La Gomera.

5.º Un representante de Proexca.

6.º Un representante do Consorcio da Zona Especial Canaria.

7.º Un representante das cámaras oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Gran Canaria e de Santa Cruz de Tenerife.

8.º Un representante de ICEX.

9.º Un representante do Consorcio Casa África.

10.º Un representante de Turespaña, O.A.

11.º Un representante de Segittur.

12.º Un representante da Dirección Territorial de Comercio de Las Palmas e outro da Dirección Territorial de Comercio de Santa Cruz de Tenerife.

3. Ás reunións do seu comité executivo poderán asistir con voz, pero sen voto, aquelas persoas vinculadas á internacionalización da economía canaria que sexan propostas polo presidente ou vicepresidentes no caso do CAPECC, ou polo presidente ou os vogais no caso do Comité executivo.

Artigo 6. *Nomeamento e mandato.*

1. Os vogais do Comité executivo serán designados polo titular da Secretaría de Estado de Comercio por proposta dos correspondentes órganos da Administración xeral do Estado, da Administración da Comunidade Autónoma de Canarias ou das entidades representadas mencionados no artigo 5.

2. O mandato dos membros do CAPECC e do Comité executivo, salvo o daqueles que o sexan por razón do cargo, será de dous anos, aínda que poderá ser renovado por períodos iguais.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular da Presidencia, seguiranse as regras de suplencia previstas no artigo 11.2.

No caso dos vogais, o suplente será designado pola autoridade competente para a súa designación.

Artigo 7. *Funcións do CAPECC.*

1. O CAPECC terá as seguintes funcións:

a) Actuar como instrumento de colaboración entre as administracións públicas e axentes implicados co fin de definir os medios e obxectivos comúns no marco de política comercial de promoción da internacionalización da economía española.

b) Propoñer medidas de actuación co obxectivo de fomentar a internacionalización da economía canaria impulsando a promoción de Canarias como plataforma atlántica, e as exportacións de bens e servizos, así como a atracción de investimento estranxeiro ao arquipélago canario.

c) Prestar asesoramento no deseño de programas de formación e información a empresas e outros axentes económicos de Canarias, así como de países africanos ou iberoamericanos en temas relacionados coa internacionalización.

d) Fomentar a constitución de sociedades e consorcios de exportación e calquera outra actividade de apoio á exportación de produtos tradicionais elaborados en Canarias, incluídas a creación de marcas e denominacións de orixe dos ditos produtos, e a promoción do símbolo gráfico das rexións ultraperiféricas.

e) Calquera outra que se lle atribúa normativamente.

2. Os membros do CAPECC non se poderán atribuír as funcións de representación recoñecidas a este, salvo que expresamente lles fosen outorgadas por unha norma ou por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

Artigo 8. *Facultades dos membros do CAPECC.*

Os membros do órgano colexiado están facultados para:

a) Recibir, cunha antelación mínima de dous días, a convocatoria que conterá a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros en igual prazo.

b) Participar nos debates das sesións.

c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Formular rogos e preguntas.

e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

f) Desempeñar cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

Artigo 9. *Convocatorias e sesións.*

1. O CAPECC poderase constituír, convocar e realizar as súas sesións, e adoptar acordos e remitir actas, tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que se realicen a distancia, asegurárase por medios electrónicos a identidade dos membros, así como a veracidade do contido das súas manifestacións e o momento en que estas se producen. Garantíranse polos ditos medios electrónicos a interactividade e a intercomunicación entre os membros en tempo real. Entre outros, consideraranse válidos como medios electrónicos as audioconferencias e as videoconferencias.

2. Para a válida constitución do órgano para efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requíranse a asistencia, presencial ou a distancia, do presidente e secretario ou, de ser o caso, de quen os supla, e a da metade, polo menos, dos seus membros.

Cando estean reunidos, de maneira presencial ou a distancia, o presidente, o secretario e todos os membros do órgano colexiado ou, de ser o caso, as persoas que os suplan, estes poderanse constituír validamente como órgano colexiado para a realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos sen necesidade de convocatoria previa cando así o decidan todos os seus membros.

3. Salvo que non resulte posible, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, e nelas faranse constar a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando sexa posible, as condicións en que se vai realizar a sesión, o sistema de conexión e, de ser o caso, os lugares en que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.

4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

5. Os acordos serán adoptados por maioría de votos. Cando se asista a distancia, os acordos entenderanse adoptados no lugar onde teña a sede o órgano colexiado e, na súa falta, onde estea situada a Presidencia.

6. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderase dirixir ao secretario para que lle sexa expedida certificación dos seus acordos. A certificación será expedida por medios electrónicos, salvo que o interesado manifieste expresamente o contrario e non teña obrigación de relacionarse coas administracións públicas por esta vía.

Artigo 10. *Actas.*

1. En cada sesión que realice o órgano colexiado redactará a acta o secretario, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión poderanse xuntar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

2. A acta de cada sesión poderase aprobar na mesma reunión ou na inmediata seguinte; con todo, o secretario poderá emitir certificación sobre os acordos adoptados sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. O secretario elaborará a acta co visto e prace do presidente e remitírallela a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para efectos da súa aprobación; en caso afirmativo, considerárase aprobada na mesma reunión.

Cando se optase pola gravación das sesións realizadas ou pola utilización de documentos en soporte electrónico, deberánse conservar de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do órgano colexiado.

3. Na acta figurarán, por solicitude dos respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifican ou o sentido do seu voto favorable.

Artigo 11. *Presidencia do CAPECC.*

1. Correspóndenlle á Presidencia do CAPECC as seguintes competencias:

- a) Exercer a representación do órgano.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros, sempre que fosen formuladas coa suficiente antelación.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e as certificacións dos acordos do órgano.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do órgano.

2. No caso de vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, o presidente do Consello Asesor será substituído polo vicepresidente primeiro ou ben, de forma sucesiva, segundo a orde de vicepresidentes deste real decreto.

Artigo 12. *Secretaría.*

1. Actuará como secretario, en réxime de alternancia anual, o titular da Dirección Territorial de Comercio de Las Palmas e da Dirección Territorial de Comercio de Santa Cruz de Tenerife. A designación e o cesamento, así como a substitución temporal do secretario en supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, realizaranse por acordo do presidente.

2. Corresponden ao secretario as seguintes funcións:

- a) Asistir ás reunións con voz e voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde do presidente, así como as citacións aos seus membros.
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano, sexan notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
- e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- f) Velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano e garantir que os procedementos, regras de constitución e adopción de acordos sexan conforme dereito.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario.

Artigo 13. *Réxime de funcionamento.*

1. O CAPECC reunirse, polo menos, unha vez ao ano por proposta do presidente ou do vicepresidente primeiro.

O Comité executivo reunirse, polo menos, dúas veces ao ano por proposta do presidente.

2. O CAPECC elaborará anualmente unha memoria sobre as actividades desenvolvidas en cumprimento das súas funcións, que será presentada ao titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo unha vez ao ano e publicada na súa sede electrónica.

3. O CAPECC e o seu comité executivo rexeranse, en canto ao seu funcionamento interno, polo disposto na sección terceira do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Disposición adicional primeira. *Constitución do CAPECC.*

O CAPECC constituirase nos tres meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto e as administracións públicas e entidades representadas nel deberán propoñer os seus representantes no prazo de trinta días, contados desde a dita data de entrada en vigor.

Disposición adicional segunda. *Gastos de funcionamento.*

O disposto neste real decreto non implicará incremento de gasto público, xa que a creación e o funcionamento do órgano colexiado será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao órgano superior en que se encontra integrado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado expresamente o Real decreto 417/1996, do 1 de marzo, polo que se regulan a composición e as funcións do Consello Asesor para a Promoción do Comercio con África Occidental.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a e 18.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre as bases do réxime alfandegueiro e arancelario, e comercio exterior e a competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Industria, Comercio e Turismo,
MARÍA REYES MAROTO ILLERA